



Marcos Vázquez Marey, Presidente da Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica (AGAMAC), NIF G-27338193, e domicilio (a efectos de notificación en A Eirexe nº 1, Traslite, Láncara), con autorización expresa do Secretario de AGAMAC, Alberto Amor Mourín, que por razóns de traballo non puido asistir a esta reunión.

INFORMO:

PRIMEIRO:

Que o tribunal designado en reunións extraordinarias realizadas entre a Xunta Directiva de AGAMAC e a Dirección da Escola Politécnica Superior de Lugo, que quedou expreso nas bases da convocatoria, foi:

- Presidente de AGAMAC: que actuará como presidente do xurado.
- Dous membros de AGAMAC.
- Dous Mestres da Escola Politécnica Superior de Lugo.
- Dous membros da Prensa especializada (probablemente B&H editores e MOMA editorial).
- Representante/s de ANSEMAT (Asociación Nacional de Maquinaria Agropecuaria, Forestal y de Espacios Verdes).
- Un representante da administración autonómica e outro da administración local en materia de desenvolvemento rural.
- Representantes dos Colexios Oficiais de Enxeñeiros Agrónomos e Enxeñeiros Técnicos Agrícolas.

SEGUNDO:

Que tras contactar telefónicamente e por correo electrónico coas entidades citadas para confirmar que persoa participaría como representante, resulta nomeado o seguinte tribunal definitivo:

- Marcos Vázquez Marey, Enxeñeiro Técnico en Mecanización Agraria, Presidente de AGAMAC, con voz pero sen voto, debido ao trato tido cos candidatos previa á presentación dos proxectos.
- Baldomero Parada González, delegado de ventas de Tractor Import, Coruña (Massey Ferguson e Fendt), Alejandro Sánchez Piedracoba (Enxeñeiro Técnico Agrícola, de Comercial Fraver, Lugo, e Benigno Ruiz Nogueiras, Duotor Enxeñeiro Agrónomo, profesor da Escola Politécnica Superior de Lugo, como socios representantes de AGAMAC.



- Manuel Marey Pérez, Doutor Enxeñeiro de Montes e Xosé Manuel Pereira González, Doctor Enxeñeiro Agrónomo, como representantes da Escola Politécnica Superior.
- Xavier Vidal Parés, propietario de MOMA editorial (revistas MOMA agri e MOMA faro), Luis Márquez Delgado, Doutor Enxeñeiro Agrónomo, director técnico da revista AGROTÉCNICA.
- Ignacio Ruiz Abad, Enxeniero Agrónomo, Secretario Xeral de ANSEMAT, Asociación Nacional de Maquinaria Agropecuaria, Forestal y de Espacios Verdes.
- José Ángel Burgo Rodil, Enxeñeiro Agrónomo, Xefe dos Servizos Técnicos Agrarios da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, departamento territorial de Lugo, José Fernando Piñeiro Díaz, Concelleiro de Infraestruturas do Concello de Lugo.
- Armando Rey Rodríguez, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, e Javier Cancela Barrios, Delegado en Lugo do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia.

As persoas que teñen a súa residencia fora da Comunidade Autónoma de Galicia, (representantes da prensa especializada e representante de ANSEMAT), enviáronselles os proxectos en formato informático Pdf, baixo soporte de Compact disc, por servizo de transporte rápido, e emitiron un informe por escrito que foi tido en conta na comisión de calificación e avaliación dos traballos presentados.

TERCEIRO

Os traballos presentados en tempo e forma como candidaturas a este premio son os seguintes:

APELIDOS E NOME	TITULACION	PROXECTO TRABALLO INVESTIGACIÓN ESTUDO TÉCNICO
CADENAS IRIMIA, RAMON	E. AGRÓNOMO	PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE UNA UNIDAD DE FORRAJES PARAÓN DE UNA UNIDAD DE FORRAJES PARALA ELABORACIÓN Y DISTRIBUCIÓN DE MEZCLAS FRESCAS PARA EXPLOTACIONES DE MEZCLAS FRESCAS PARA EXPLOTACIONESDE VACUNO DE LECHE EN TERRA CHA
CASTRO RAMOS, ANGEL	E.T. A. MECANIZACION	TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: ANALISE COMPARATIVO DE DIFERENTES SISTEMAS DE GUIADO NA APLICACIÓN DE FERTILIZANTES MINERAIS
GIL BRANDIN, JORGE	E.T. A. MECANIZACION	TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: ANALISE E DEPURACIÓN DUNHA APLICACIÓN DE SOFTWARE PARA XESTIÓN DE RUTAS DE COLLEITADORAS DE FORRAXE, ESTUDIO DA SÚA UTILIZACIÓN NUNHA COOPERATIVA AGRARIA
MARTINEZ DABLANCA, JOSE LUIS	E.T. A. MECANIZACION	PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE UNA NAVE PARA ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRICOLA
MAZOY FERNANDEZ, LUIS ALBERTO	E.T. A. MECANIZACION	TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: AVALIACIÓN DE SISTEMAS DE GUIADO EN TRACTORES AGRICOLAS
PÉREZ REIGOSA, IVAN	E.T. A. MECANIZACION	ESTUDIO TÉCNICO PARA REMOLQUE AGRÍCOLA DE 8 T DE CARGA
RAPOSO INGERTO, IVAN	E.T. A. MECANIZACION	ESTUDIO TÉCNICO DE CLAVADORA DE ESTACAS CON ALIMENTADOR
SOUSA LEMA, SANTIAGO	E.T. A. MECANIZACION	TRABALLO DE INVESTIGACION: GESTION DE PARQUES DE MAQUINARIA DE COOPERATIVAS AGRARIAS MEDIANTE PROGRAMAS DE GESTIÓN DE FLOTAS Y GPS



CUARTO

Que reunido na Sala de Xuntas da Escola Politécnica Superior de Lugo, ás 10 da mañá do día 4 de xuño de 2009 o tribunal designado e convocado para outorgar o **I Premio AGAMAC a proxectos de mecanización agraria**, como Presidente de AGAMAC, tomo fe dos seguintes asuntos tratados nesta reunión:

4.1.-CALIDADE DOS TRABALLOS.

Tódolos membros do xulgado, por unanimidade, coincidiron na excelente calidade dos traballos, así coma na súa boa presentación.

4.2.-DIVERSIDADE DOS TRABALLOS.

Igualmente tódolos membros do xurado coincidiron en dúas diferencias claves entre os traballos. Primeira: os de enfoque constructivo e os de maquinaria, e segunda: dificultade para equilibrar a avaliación entre os Traballos de Investigación e os Proxectos Técnicos. Tamén cabe ter en conta que catro dos traballos de investigación presentados responden a unha soa liña de investigación, e o premio nesta edición era persoal, non a un grupo de traballo.

QUINTO

Tras unha constructiva valoración de tódolos traballos, e tendo en conta as premisas de diversidade nomeadas no apartado 4.1, valorouse en gran medida que o proxecto fose especificamente de máquinas, e que mellorasen a simbiose entre a máquina e o seu entorno, para ser o máis fiel posible ás bases do concurso.

Por todo o exposto as puntuacións obtidas foron as seguintes:

Santiago Sousa Lema: *“Gestión de parques de maquinaria de cooperativas agrarias mediante programas de gestión de flotas y gps”* **3 PUNTOS**

Ángel Castro Ramos: *“Análise comparativo de diferentes sistemas de guiado na aplicación de fertilizantes minerais”.* **1 PUNTO**

Iván Raposo Ingerito: *“Estudio técnico clavadora de estacas con alimentador”* **6 PUNTOS**

Quedando gañador do **“I Premio AGAMAC a proxectos de Mecanización Agraria”** á vista dos resultados o traballo: “Estudio técnico clavadora de estacas con alimentador” de Iván Raposo Ingerito.



SEXTO

Debido á relevancia dos temas tratados e nomeados ao longo desta acta, desprendidos da reunión do tribunal, queda proposta a formación dun comité asesor para a II edición do Premio AGAMAC, que previsiblemente se celebrará no ano 2011.

SÉPTIMO

A decisión deste tribunal, será comunicada por escrito a tódolos participantes no premio, ademáis dunha carta do Presidente de AGAMAC agradecéndolles a súa inestimable colaboración, e animándoos a participar nas sucesivas edicións.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asinan esta acta, en Lugo, a 5 de xuño de 2009, o Presidente de AGAMAC, o Secretario de AGAMAC, e os membros do tribunal.